

# AYUNTAMIENTOS

V I G O

## A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno, con data 27 de xullo de 1994, a "Modificación do Programa de Actuación do PXOU de Vigo relativo o Período 02 "Jacinto Benavente", consistente no adianto á primeira etapa do Plan da actuación en Solo Urbano denominada Período 02 "Jacinto Benavente" prevista polo Plan Xeral para o segundo cuatrienio; sométese a información pública polo prazo de un mes mediante anuncios no DOG, BOP, prensa e taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento, significando que a documentación se atopa na Oficina Municipal de Información para exame e alegacións.

Vigo, 19 de agosto de 1994.—A Alcaldesa Acatal., Dolores Villarino Santiago. 10846

## E D I T O

Don Juan Araujo Santas solicitou desta Alcaldía a licencia para a apertura de Panadería, Bollería con obradoiro que se situará na rúa Carretera Porto s/n Baixo.

De acordo co artigo 30.2 letra a) do Regulamento de Actividades Clasificadas, abrese un período de información pública que durará dez días, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida facelas observacións pertinentes.

O expediente está ó dispor do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro Xeral deste Concello (Exped. 13075/422).

O Alcalde por delegación a Concelleira de Xestión e Disciplina Urbanística, Dolores Villarino Santiago.

10485

## E D I T O

Recreativos Raca, S.L. solicitou desta Alcaldía a licencia para a apertura de salón recreativo (Máquinas recreativas e de azar que se situará na rúa Avda. de Castrelos núm. 31, baixo local nº 3).

De acuerdo co artigo 30.2 letra a) do Regulamento de Actividades Clasificadas, abrese un período de información pública que durará dez días, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida facelas observacións pertinentes.

O expediente está ó dispor do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro Xeral deste Concello (Exped. 13061/422/92 e 19185/421).

Vigo, 11 de agosto de 1994.—O Alcalde por delegación a Concelleira de Xestión e Disciplina Urbanística, Dolores Villarino Santiago. 10483

*Texto refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais aprobado definitivamente por acordo plenario de data 14 de marzo de 1994*

## ARTIGO 1

1.—O presente Regulamento ten por obxecto regular o servicio municipal en réxime de concesión administrativa dos mercados municipais minoristas do Berbés, Bouzas, Calvario, Progreso, Travesas e Teis e será de aplicación ó novo mercado de Cabral no momento en que a Corporación acorde xestionalo mediante concesión administrativa.

2.—O ámbito da concesión que se otorgue comprenderá e alcanzará a totalidade dos postos deses mercados calquera que sexa a actividade ou venda de produtos en cada un, réxime de utilización, forma de autorización provisional ou adjudicación definitiva inicialmente outorgada ou da que se beneficie por transmisión intervivos ou mortis causa, coas excepcións que se indicarán.

Exclúense do obxecto desta concesión os postos que se relacionan en cada inercado pola súa diferenciación respecto ós demais postos derivada da localización dos mesmos ou réxime xurídico específico ou actividade que segundo en cada caso se indica.

No Mercado do Berbés, os postos números 1, 2 e 3 sitos no exterior do devandito Mercado, así como os actualmente ocupados pola oficina de Caixavigo e pola Asociación de Veciños.

No Mercado do Progreso, locais ocupados por carnicería, por cantina, por zapatería e tres máis por tecidos, dada a súa localización exterior ou réxime xurídico dos contratos.

3.—O servicio a prestar dos mercados municipais será preferentemente de venda de artigos alimenticios e derivados, así como a explotación doutras actividades comerciais non relacionadas coas alimenticias, das que as superficies a ocupar en cada mercado non excederán no seu conxunto do trinta por cento das que correspondan ás dos postos individuais dedicados a productos de alimentación e derivados.

## ARTIGO 2

O Concello exercerá permanentemente a intervención administrativa e sanitaria nos mercados municipais obxecto de concesión a través dos órganos municipais competentes e servizios municipais

que teñan atribuidas funcións de inspección, vixilancia e control, especialmente na orde sanitaria.

#### ARTIGO 3

1.—Nos mercados prestaranse os servicios de administración, vixilancia e de limpeza con persoal capacitado, por conta exclusiva do concesionario, podoendo éste contratar ditos servicios con empresas prestadoras dos mesmos.

2.—En cada mercado o concesionario disporá dun xerente ou persoa que lle represente ante a Administración municipal e con facultades suficientes para a dirección do mercado respectivo e xestión dos servicios.

#### ARTIGO 4

O concesionario, xerente e persoal dependente daquel e en xeral das empresas que pola súa conta presten servicios no mercado teñen a obriga de cumplir e, no seu caso, facer observa-las normas deste regulamento e as cláusulas da concesión, disposicións e resolucións municipais e en xeral cantas normas afecten ás actividades e servicios que se prestan nos mercados municipais.

#### ARTIGO 5

1.—Os inspectores veterinarios dos mercados, exercerán a vixilancia sanitaria neles, durante as horas que permanezan abertos e en todos aqueles casos que sexa precisa dita vixilancia.

2.—Sen prexuízo das atribucións que ó Servicio Veterinario lle corresponde, o persoal do concesionario ten a obriga de presta-la colaboración necesaria e poñer no seu coñecemento as deficiencias de orde hixiénica-sanitaria que se produzan.

#### ARTIGO 6

1.—Os espacios, superficies e elementos de utilización común ou xeral dentro do recinto de cada mercado deberán encontrarse expedidos ó tránsito e mantelos permanentemente limpos e en perfectas condicións de uso, especialmente desde a apertura do mercado ata a hora de peche. O concesionario comprirá con especial esmero esta obriga.

2.—Os contedores xerais para depósito de desperdicios situáranse en zona especialmente habilitada para tal fin para a súa utilización polos titulares dos postos, vertendo naquellos os desperdicios dos caldeiros e contedores de cada posto, realizando o verquido desde as 13,00 ata as 14,30 horas, e en xornada de tarde desde as 20,00 ata as 21,00 horas exclusivamente.

3.—Corresponde ó concesionario a execución das obras e instalacións nos elementos comúns dos edificios, singularmente das de reparación, conservación e mantemento, podendo imposi-las o Concello, cando o concesionario se abstenga de executalas e resulten

necessarias atendidas as circunstancias e situacións cada caso.

4.—As obras de reforma que afecten á estructura constructiva ou creación de novos servicios que impliquen variación sustancial respecto ós existentes, requerirán previa autorización do Pleno municipal obtención da licencia municipal.

#### ARTIGO 7

1.—As mercancías e produtos permanecerán no recinto en cada posto e a súa venda e despacho producirase necesariamente no mesmo con prohibición absoluta de deposita-la mercancía fóra da superficie asignada ou invadir superficies comúns ou doutros postos, nin modifica-la delimitación física e localización de cada posto.

2.—É obligatoria a utilización de prendas de uniforme polas persoas vendedoras de productos alimenticios ou os seus derivados que serán de cor branca e de uso constante mentres realicen a súa actividade.

3.—Os mostradores e expositores axustaranse e cumplirán a normativa específica de aplicación, manténdoos en perfecto estado de limpeza e pulcritude.

4.—Cada posto en carnicerías disporá dun caldeiro ou recipiente para desperdicios de cor negra, rotulado en branco co número do posto, manténdoo tapado e ó remata-la xornada baleirarase, lavarase e desinfectarase.

#### ARTIGO 8

1.—O concesionario poderá establecer para cada clase de postos, segundo actividades, ós os titulares dos mesmos, modelos-tipo a que terán que acomodarse os novos que puidesen construirse e os existentes que cambien de titular, elaborándose para iso o producto ou proxectos oportunos.

2.—Para os postos existentes non comprendidos no precedente apartado, a adaptación poderá esixirse dentro do prazo que o concesionario estableza e en todo caso cando proceda a súa reforma ou modificación de todos ou algúns dos elementos do mesmo afectado polo proxecto de modelo-tipo que se elixa.

#### ARTIGO 9

1.—Os prezos da mercancía estarán visibles, serán fixos e farán clara referencia á mercancía á que se refiren, evitando calquera tipo de confusión ou regateo.

2.—Os pesos e medidas estarán debidamente contrastados e existirán unhas normas de comprobación que o xefe ou xerente do Mercado poderá en todo momento aplicar ós instrumentos de pesaxe de calquera posto, sen prexuízo da competencia das autoridades competentes na materia.

3.—Tódolos comerciantes levarán unha etiqueta de identificación co seu nome e número de posto.

#### ARTIGO 10

O horario de carga e descarga de mercadurías será o que rexía en cada momento segundo a normativa da Ordenanza Municipal de Circulación e Transportes ou disposición xeral que a sustitúa.

#### ARTIGO 11

Cada posto de peixe estará dotado dunha cubeta de plástico de cor oscura, azul, todas iguais e diferenciables as unhas das outras polo seu número distintivo de cor branca. Nesta cubeta verterá os seus propios desperdicios e manteráse sempre pechada. O remate da xornada verteranse todos estes desperdicios no lugar que para uso se habilitará, limpando coidadosamente a cubeta antes de proceder ó baldeo do posto.

#### ARTIGO 12

Rematada a xornada, o titular de cada posto limpará tanto este como os corredores ou parte destes que lle sexan adxacentes. Especialmente prohíbese que o baldeo se realice en horas de público, por respeto a éste.

#### ARTIGO 13

1.—O concesionario manterá os actuais espacios para a venda de produtos do campo procedentes de cultivos do seu propio traballo, exclusivamente os días en que actualmente se vén permitindo.

2.—Prohibese totalmente a venda de productos a que se fai referencia no apartado precedente fora dos especios determinados en cada mercado así como nas inmediacións destes, impedíndose a venda dentro do recinto ós que infrinxan a prohibición.

3.—A preferencia para ocupa-los especios virá determinada pola orde de chegada ata cubri-los especios disponibles.

#### ARTIGO 14

O horario de apertura e peche dos mercados fixarase polo concesionario axustándose, en todo caso, ó horario comercial en que se estableza.

#### ARTIGO 15

Os postos que se encontren disponibles por estar vacantes poderán destinarse a actividades comerciais distintas das existentes no mercado, mantendo o límite do trinta por cento respecto á superficie do total destinada a artigos alimenticios e os seus derivados.

#### ARTIGO 16

1.—Corresponde ó concesionario a adjudicación dos postos outorgando ó efecto os correspondentes contratos, observando en todo caso as seguintes prescripcións das que se deixará constancia expresa do mesmo:

- Importe mensual a satisfacer ó concesionario pola ocupación e explotación do posto e forma de revisión futuras.
- Consignación de cláusula en que o comerciante declare coñecer las cláusulas da concesión e o presente regulamento en que asume as obrigas que lle afecten como titular do posto.
- Indicación concreta do plazo contractual e do máximo concesional que non poderá sobrepassarse.

#### ARTIGO 17

O concesionario e os titulares dos postos son responsables, civil e administrativamente, por incumplimento das súas obrigas respectivas fronte á Administración municipal, a outras Administracións e respecto a terceiros, polos actos ou omisiones en que poídan incorrer.

#### ARTIGO 18

As faltas en que poden incorrer los titulares dos postos clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Constitúen faltas leves:

- Non ostenta-lo uniforme e identificación á que ten obriga por estas normas.
- Entablar discusión en tono inadecuado ou con palabras malsonantes.
- Fumar ou comer dentro dos postos ou en lugar concorrido polo público.
- A omisión ocasional de te-los desperdicios visibles.
- Tirar desperdicios, papeis ou obxectos á área de servicios comúns.
- Non mante-la orde prevista dentro do posto.
- Invadir os espacios comúns ou os postos adxacentes con mercancías ou utensilios propios.
- O retraso por prazo inferior a 15 días no pagamento dunha cota ó concesionario.

#### ARTIGO 19

Consideráranse faltas graves:

- A reincidencia en calquera falta leve.
- As infraccións ós regulamentos sanitarios denunciados polas autoridades competentes, que impliquen o mero descoido ou negligencia.
- A acumulación de duas codas impagadas.
- Promover altercados ou algaradas que afecten gravemente a tranquilidade do mercado.

f) Calquera outra que garde similitude ou analogía coas posteriores e non se califique de leve ou moi grave.

#### ARTIGO 20

Califícanse de moi graves as seguintes faltas:

- a) A comisión de tres ou máis faltas graves no prazo de un ano.
- b) O abuso no peso ou prezo das mercancías obxecto de venda.
- c) A non apertura do posto no prazo máximo de un mes desde o outorgamento do contrato ou o peche do mesmo durante 15 días, salvo causa xustificada.
- d) Realizar obras no posto sen previa licencia municipal ou sen informe favorable cdo concesionario nos supostos en que se esixe.
- e) A obstrucción ó exercicio das funcións de inspección e control polas autoridades eou os seus exsntes.
- f) O incumprimento das normas hixiénico-sanitarias que revistan gravidade ou entrañen perigo contra a saúde pública.
- g) A transmisión do posto ou cesión do mesmo sen autorización do concesionario.
- h) Calquera outra de natureza análoga ás tipificadas nos precedentes apartados que revista especial gravidade tendo en conta a intencionalidade do autor e demais circunstancias concorrentes.

#### ARTIGO 21

1.—As infraccións sancionaranse mediante a imposición de multas na seguinte contía:

- a) As leves con multa en contía comprendida entre 1.000 e 5.000 pesetas.
- b) As graves con multa en contía comprendida entre 5.001 e 25.000 pesetas.
- c) As moi graves con multa comprendida entre 21.005 e 100.000 pesetas ou perda do posto en caso de reiteración na comisión de faltas moi graves no período de dous anos.

As sancións impoñeranse pola Alcaldía, previa denuncia formulada por parte interesada ou de oficio, concedendo audiencia a persoa interesada e o concesionario.

#### DISPOSICIONES TRANSITORIAS

*Primeira.*—Outorgada a concesión de cada mercado municipal ós respectivos adjudicatarios, quedan extinguídas, causando baixa automática todas las adjudicaciones ou autorizaciones provisionais de postos nos correspondentes mercados, ainda no suposto de que ditas adjudicacións ou autorizacións non tefan fixado prazo de vixencia ou caducidade.

*Segunda.*—Sen prexuízo do disposto na precedente disposición, será de aplicación o vixente Regulamento Municipal dos Mercados de Abastecemento do Termo Municipal de Vigo, aprobado por acordo plenario de 28 de xuño de 1968.

*Segunda.*—Sen prexuízo do disposto na precedente disposición, será de aplicación o vixente Regulamento Municipal ós titulares de postos a que se fai referencia na Disposición Transitoria segunda, mestres persistan as situacóns que a mesma contempla e polo prazo que reste do período concessional.

#### DISPOSICIÓN DERGATORIA

*Unica.*—O presente Regulamento entrará en vigor para cada mercado, previa a súa publicación no Boletín Oficial da provincia, o día un do mes seguinte ó do outorgamento da concesión polo Pleno Municipal e ós respectivos adjudicatarios.

Contra o presente Regulamento poderán os interesados interñor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia.

Vigo, 19 de xullo de 1994.—O Alcalde, Carlos A. González Príncipe. 9749

\* \* \*

#### CUNTIS

#### EDITO

Aprobado polo acordo do Concello Pleno na súa sesión ordinaria da data 26 de agosto de 1994, o Pregó de condicións técnicas e económico-administrativas que haberá de rexir a contratación directa da subministración dunha rede informática local para as oficinas municipais deste Concello, se somete a exposición ó público polo prazo de oito días hábiles, contados a partir do día seguinte ó de inserción deste edito no Boletín Oficial da provincia, para que durante o mesmo poidan presentarse as reclamacións que se estimen pertinentes.

Cuntis, 2 de setembro de 1994.—O Alcalde, Eduardo Rey Rodríguez. 10804

\* \* \*

#### COVELO

#### EDITO

Durante el plazo de 10 días hábiles, contados a partir de la publicación del presente en el Boletín Oficial de la provincia, se pueden presentar reclamaciones en relación con las solicitudes formuladas por dona Teresa Fernández González sobre licencias de